

SON ANIMAL

Textos e músicas de **PACO NOGUEIRAS**

Ilustracións de **MARC TAEGER**

Encuadernado en cartón. 16 x 16 cm. 32 páx. 20 €

ISBN 978-84-1343-205-2. Música

“Con cola, con pelos, con plumas.

Con catro patas, con dúas ou ningunha.

Dando brincos, se cadra a voar...

Moitas melodías ten o SON ANIMAL”


Un libro-disco que recolle a banda sonora do noso medio rural

As doce cancións deste cuarto libro-disco de Paco Nogueiras teñen como protagonistas a vaca, a galiña, o porco, o burro... mais tamén a ra, o grilo... Habitantes do agro que o autor ten presentes dende a infancia pero que moitas nenas e nenos xa non coñecen de forma directa pola desconexión das vilas e das cidades co medio rural, cada vez máis despoboado. «Son animal» achéganos dun xeito divertido a esa fauna doméstica e silvestre a través dun xogo de palabras: dunha banda, apela á condición *animal* do ser humano en relación á biodiversidade do planeta; e ademais, *dialoga* con estas criaturas a través da linguaxe -ladrando, miañando, orneando, bruando, cacarexando...- coa que se comunican.

Son composicións que tanto describen as calidades físicas dos animais como os seus costumes e habilidades, ben de xeito poético, ben cun enfoque humorístico. E consonte coa riqueza sinfónica destas voces, son tamén moi variados os estilos: dende pezas con raigame tradicional galega e portuguesa, aos ritmos electrónicos, a balada acústica, o rock&roll ou o rap, pasando polos ecos do leste de Europa ou de terras andinas; unha viaxe musical polo mundo que invita a bailar e a cantar cos seus retrousos alegres e pegadizos.

As ilustracións de Marc Taege, de trazos grosos, con fondos coloridos e luminosos, acentúan os riscos característicos dos animais, reforzando o sentido do humor e o afecto que producen os intérpretes desta singular orquestra.

«Son animal» complétase cun anexo que recolle algúns dos abundantes ditos, refráns e adiviñas de temática zoolóxica que atesoura a tradición oral.



■ **Temática:** cancións protagonizadas por animais da contorna rural.

■ **Idade recomendada:** desde 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais domésticos e silvestres, sons que emiten, biodiversidade, natureza; música, bailar, cantar; vocabulario; humor, diversión; arte, creatividade; tradición oral, refráns, ditos, adiviñas; do creador de «[Brinca vail!](#)», «[Radio Bulebule](#)» e «[Extra!](#)»; do ilustrador de «[Extra!](#)», «[Tic-tac](#)», «[Artur](#)», «[Aguiles o puntiño](#)», «[Garavanciño](#)», «[Un máis](#)», «[A verdadeira historia de Carapuchiña](#)», «[Elefante comellón](#)», «[O elefante que perdeu o seu ollo](#)» e «[Ciudades](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/son-animal-g>

Paco Nogueiras

(Santiago de Compostela, 1970)

Diplomado en Graduado Social, músico e actor. Tras formarse cos artistas Andrés Pazos e Fabio Mangolini, impartiu clases de teatro e dirixiu representacións en entidades culturais e escolas. Participou en grupos de música tradicional e foi creador da banda sonora de espectáculos teatrais, musicais, de danza e dunha serie infantil da TVG. Ten colaborado con varias formacións escénicas e musicais: Els Comediants, Os Quinquilláns, Ophiusa, Os Modernos, Os Tres TENedORES... Recibiu o Premio Martín Códax na categoría de Música Infantil en 2016 por «Brinca vail!» e 2021 por «Radio Bulebule». Ademais dos espectáculos baseados no seu repertorio, que suman máis de mil actuacións, participa na Campaña de Animación á Lectura de KALANDRAKA.

<https://paconogueiras.com>

Marc Taege

(Berna, 1963)

Estudou deseño gráfico e ilustración en Barcelona e na FH de Trier (Alemaña). Afincado en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador, con especialidade en animación, pintura, mural, escultura e arte gráfica. Expuxo a súa obra en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia e Costa Rica. Recibiu o Premio Daniel Gil 2005 polas ilustracións e o deseño de «A verdadeira historia de Carapuchiña» (KALANDRAKA). Seguíronlle os álbums «Aguiles o puntiño», «Elefante comellón», «Garavanciño», «Artur», «Un máis», «O elefante que perdeu o seu ollo», os libro-discos «Extra!» e «Tic-tac», e o poemario «Ciudades».

<https://marctaeger.wordpress.com/>